



RESUMO INFORMATIVO

Materia	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA		
Docente	LEONOR VIDAL VARELA		
Curso/Grupo	3ºESO (A, B, C, D)	Ano académico	2023-2024
Contidos (resumo)			
1º Trimestre	<p>A teoría celular. Estrutura básica da célula. Tipos de células. Observación e comparación de tipos de células por distintos medios. Formas acelulares (virus).</p> <p>Enfermidades infecciosas e non infecciosas. Medidas de prevención e tratamento de enfermidades infecciosas. Sistema inmunitario. Vacinas, antibióticos e doazón de órganos.</p>		
2º Trimestre	<p>Función de nutrición: anatomía e fisioloxía básica dos aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. Hábitos saudables e doenzas asociadas a estes aparellos. Función de relación: sistema nervioso e endócrino. Hábitos saudables e doenzas asociadas a estes sistemas.</p>		
3º Trimestre	<p>Función de reprodución: anatomía e fisioloxía básica do aparello reprodutor. Reprodución e sexualidade. Hábitos saudables e doenzas asociadas a estes aparellos.</p> <p>Riscos naturais: definición e clasificación. Actividade sísmica e volcánica na Terra en relación coa teoría da tectónica de placas. Medidas de predición e prevención. O risco sísmico en Galicia.</p>		
Obxectivo (resumo)			
<p>Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo o método científico e utilizando vocabulario científico.</p> <p>Coñecer a anatomía e fisioloxía humana para poder aplicalo na súa vida e fomentar estilos de vida saudables.</p> <p>Adquirir uns coñecementos básicos sobre a tectónica de placas e fenómenos asociados a ditos límites de placas como son o vulcanismo e os sismos.</p>			
Metodoloxía (resumo)			
<p>A metodoloxía científica e os proxectos científicos traballaranse ao longo de todo o curso.</p> <p>A metodoloxía será dinámica utilizando distintas fontes de información e materiais : edixgal, outras páxinas de internet, artigos de prensa, libros etc.</p> <p>As actividades serán variadas en edixgal no caderno de clase, elaborando proxectos, informes prácticos etc.</p> <p>Traballarase con situacións problema da vida.</p> <p>Atenderase a diversidade do alumnado.</p>			
Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)			
CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN:			
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Dúas probas de avaliación escritas con preguntas de distinto tipo que representan o 70% da nota da avaliación ✓ O 30% restante corresponderá aos demais instrumentos de avaliación: 			

-Proxectos de investigación, actividades no caderno e EDIXGAL e prácticas: 20%

-Observación: 10%

PLAN DE RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS:

Se o alumnado suspende a avaliación por mor de non acadar unha nota suficiente nas probas escritas , deberá recuperar a parte suspensa realizando unha proba escrita onde deberá ter como mínimo un cinco. Para calcular a nota da avaliación se aplicaran os mesmos criterios que se sinalaron para cada avaliación (70% probas escritas e 30% actividades e traballos).No caso de non acadar o aprobado por mor de ter unha nota insuficiente nas actividades, tendo as probas escritas aprobadas, o alumnado recuperará a avaliación entregando de novo as actividades. Para calcular a nota da avaliación se aplicaran os mesmos criterios que se sinalaron para cada avaliación (70% probas escritas e 30% actividades e traballos).

Se o os alumnos e alumnas aproban todas as avaliacións, a nota final farase coa media das tres avaliacións

Proceso de avaliación Extraordinario (BAC) / Final (ESO) (Ferramentas, procedementos, etc.)

Aqueles alumnos e alumnas que non acaden unha cualificación positiva en todas as avaliacións despois de aplicar o Plan de recuperación fixado polo Departamento, seguirán un plan específico de recuperación das competencias non acadadas durante o curso. Facilitaráselles un cuestionario cos mínimos esixidos e traballarase na aula aqueles aspectos a mellorar por parte do alumnado utilizando os procedementos de avaliación máis axeitados, dende realización de tarefas, análise dos cuestionarios, revisión de caderno , proba escrita das unidades non superadas.

As porcentaxes aplicadas para calcular a nota serán:

- Probas escritas: 70%

- Realización das tarefas diarias: 30%

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

En todo momento atenderase a diversidade do alumno/a e procederase a facer as adaptacións necesarias para que poida superar a materia en colaboración co departamento de orientación.

(Extracto da programación do departamento)

RESUMO INFORMATIVO

Materia	Anatomía aplicada		
Docente	Leonor Vidal Varela		
Curso/Grup	1ºBAC A, C (G2)	Ano académico	2023-2024
Contidos (resumo)			
1º Trimestre	<p>Contextualización da Anatomía Aplicada. Planos anatómicos. Tipos de movemento das articulacións.</p> <p>Anatomía e Fisioloxía do movemento e a súa relación coas actividades deportivas e artísticas.</p> <p>Aparato locomotor: ósos e articulacións.</p>		
2º Trimestre	<p>Sistema muscular. Músculos, ligamentos e tendóns máis importantes. Fibras musculares brancas e vermellas. A contracción muscular. Os músculos das emocións. O control nervioso do movemento Parte1. Análise e estudo dos compoñentes do sistema nervioso relacionadas cos movementos conscientes, autónomos. O arco reflexo. O cerebro e o coñecemento actual das estratexias cognitivas da aprendizaxe: Codia motora, o cerebro das emocións; a memoria; control nervioso dos órganos vitais.</p>		
3º Trimestre	<p>O control nervioso do movemento Parte 2. As neuronas e a sinapse. Neurotransmisores. Efecto das drogas sobre a sinapse. Doenzas relacionadas co sistema nervioso. A saúde mental e o deporte. Estudo integrado da fisioloxía do movemento. Frecuencia cardíaca e ritmo cardíaco. Os movementos cardíaco. Electrocardiograma. Volume respiratorio e volume de osíxeno máximo. Metabolismo aerobio/anaerobio e a súa relación coas fibras musculares brancas e vermellas. Análise do gasto enerxético segundo á actividade físico.</p>		
Obxectivo (resumo)			
<p>Analizar de xeito integrado á Anatomía e Fisioloxía do movemento, coñecendo os seus compoñentes dentro de contextos específicos de aprendizaxe que aproximen o alumnado a súa propia realidade para valorar a adquisición de hábitos de vida saudable.</p>			
Metodoloxía (resumo)			
<p>Estruturaranse os 50 minutos de clase en dúas partes ben diferenciadas. Por unha banda, un máximo de 20 minutos de leccións comunicativas e, pola outra, o tempo restante para a realización de actividades de tipo competencial, cuxo deseño dependerá dos contidos a traballar. Serán actividades variadas e motivadoras, entre as que abundarán as preguntas de razoamento, modelización, indagación e análise de textos, vídeos e gráficos científicos. Todas elas levaranse a cabo en distintos agrupamentos.</p> <p>Ademais, vanse realizar distintas actividades, unha ou dúas por unidade, encamiñadas especificamente a facer breves traballos de investigación que terán que entregar, expoñer ou debater.</p> <p>Do resultado de todas as actividades descritas, tamén se preverán algunhas de reforzo e ampliación.</p>			

Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

Unha proba de avaliación escrita que vale o 40%.

O 60% restante corresponderá aos demais instrumentos de avaliación:

- Actividades diarias e observación: 20%. Avaliadas mediante unha lista de control.
- Comentario de lecturas científicas, realización de traballos en grupo, participación en debates, traballos de investigación , maquetas e outras actividades prácticas: 40%. Avaliadas mediante rúbricas.

PLAN DE RECUPERACIÓN:

As probas escritas recuperarán cunha nova proba escrita depois de cada avaliación

As maquetas, exposicións e pequenas investigacións, deberán presentarse de novo.

As actividades cotias deberán mellorarse na avaliación seguinte. De non mellorar suporá un 20 % da nota perdida.

Nestes casos aplicaranse os mesmos criterios de avaliación (40% probas escritas e 60% actividades e traballos)

Proceso de avaliación Extraordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

No mes de Xuño realizarase unha proba extraordinaria para recuperar as partes da materia que sexan precisas.

Así mesmo deberán presentarse as maquetas, investigacións e tarefas non realizadas.

A media será a media aritmética unha vez aplicados as porcentaxes correspondentes.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

A materia impártase tendo en conta as habilidades diferentes do alumnado. En caso de precisarse adaptacións adecuaráanse os contidos as necesidades específicas do alumno e alumna en particular e previa consulta co Departamento de Orientación.

O alumnado que participe de viaxes escolares durante o curso escolar, poderá seguir a marcha da materia por medio da Aula virtual e deberá subir as tarefas correspondentes. Calquera dúbida poderá e deberá ser consultala coa profesora.

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO

Materia	PROXECTO COMPETENCIAL 1ºESO		
Docente	LEONOR VIDAL VARELA		
Curso/Grupo	1ºESO B,C,D G2	Ano académico	2023-2024
Contidos (resumo)			
1º Trimestre	<p>Procura e selección de información relacionada co proxecto.</p> <p>Contidos relacionados coa primeira unidade didáctica, organizando o horto: Presentación do proxecto e situación de partida utilizando os bancais, froitos e cultivos do curso pasado e composteiro.</p> <p>Planificación: secuenciación e temporalización.</p> <p>Execución do proxecto dinámica e roles.</p> <p>Presentación de proxectos : a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta</p>		
2º Trimestre	<p>Procura e selección de información relacionada co proxecto: contidos relacionados coa preparación de sementeiras segundo a estación, sementeira de especies nos bancais propias da estación, seguimento e mantemento do horto, estudo das partes das plantas e da polinización.</p> <p>Planificación: secuenciación e temporalización.</p> <p>Execución do proxecto dinámica e roles.</p> <p>Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta</p>		
3º Trimestre	<p>Procura e selección de información relacionada co proxecto: contidos relacionados coa sementeira de especies propias da estación nos bancais, seguimento e mantemento do horto, estudo das partes das plantas e da polinización.</p> <p>Execución do proxecto dinámica e roles.</p> <p>Presentación do proxecto: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</p> <p>Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación dos resultados do proxecto.</p>		
Obxectivos (resumo)			
<p>Deseñar un plan de traballo para a realización do proxecto</p> <p>Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista utilizando as competencias transversais que se requiran.</p> <p>Concienciar ao alumnado dos problemas ambientais e da importancia da adquisición de hábitos que fomenten o desenvolvemento sostible,</p>			

Desenvolver o traballo cooperativo respectando a todos os compañeiros/as

Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.

Metodoloxía (resumo)

As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo a aprendizaxe en equipo.

A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual do alumnado e o traballo cooperativo.

As actividades serán variadas traballarase no horto, ordenadores do proxecto edixgal, no laboratorio, elaboraranse informes etc.

A metodoloxía científica estará presente ao longo de todo o proxecto.

Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

Entre os procedementos de avaliación:

Presentación de dossier informativo coa recompilación da información solicitada. Exposicións de traballos relacionados.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais...

A nota da avaliación sae de:

75% Actividades realizadas e presentación de dosiers informativos.

25% corresponde a observación diaria tanto do traballo diario e responsabilidade do alumnado así como do traballo cooperativo do alumno co resto dos compañeiros do grupo.

Recuperación da avaliación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas, ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, e que non acade unha nota igual ou superior a 5, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto. A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

A nota da final se calculará coa media da nota das tres avaliacións, sendo a nota mínima en cada avaliación un 4 sobre 10.

Proceso de avaliación Extraordinario (BAC) / Final (ESO) (Ferramentas, procedementos, etc.)

Aqueles alumnos e alumnas que non acaden unha cualificación positiva en todas as avaliacións despois de aplicar o Plan de recuperación fixado, seguirán un plan específico de recuperación das competencias non acadadas durante o curso. Facilitaráselles un cuestionario cos mínimos esixidos e traballarase aqueles aspectos a mellorar por parte do alumnado utilizando os procedementos de avaliación máis axeitados. A nota en cada avaliación debe ser maior ou igual



que 4. E anota final será a media das 3 avaliacións que deberá ser igual ou maior de 5.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

En todo momento atenderase a diversidade do alumno/a e procederase a facer as adaptacións necesarias para que poida superar a materia en colaboración co departamento de orientación.

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO

- Os resumos teñen por obxecto concretar ás familias o proceso de cualificación da materia.
- Teñen que estar respaldados polo recollido na programación, pero poden concretar mais
- En principio, son responsabilidade do persoa concreta que imparte a materia, a quen corresponde a elaboración.
- Só no suposto de que dous os mais docentes que imparten a mesma materia sigan exactamente o mesmo procedemento poderase facer un resumo conxunto.

Materia	PROXECTO COMPETENCIAL		Departamento	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
Docente	Pilar Fernández illán			
Curso/Grupo	3º ESO	Ano académico	2023-24	
Contidos				
1º Trimestre	<p>DOCUMENTACIÓN ACERCA DOS MICROPROXECTOS DE INVESTIGACIÓN:</p> <p>Vídeos, experiencias, material bibliográfico</p> <p>Recoñecer as variables e a súa relación causa –efecto.</p> <p>Produtos a entregar: 1 experimentos explicativo.</p> <p>Materiais bibliográficos /vídeos explicativos. Fichas</p> <p>Esquemas explicativos da súas escubertas.</p> <p>DESENVOLVEMENTO</p> <p>Deseño e elaboración dos paneis explicativos.</p> <p>Confección de ditos paneis,</p> <p>PRESENTACIÓN E DEFENSA DE CADA MICRO PROXECTO</p> <p>Carteis; fotografías; Vídeos; receitas de laboratorio.</p> <p>COMUNICACIÓN</p> <p>Exposición dos paneis no 1º Andar.</p> <p>Tríptico explicativo e QR de cada panel.</p>			
2º Trimestre	<p>DOCUMENTACIÓN ACERCA DOS MICROPROXECTOS DE INVESTIGACIÓN:</p> <p>Vídeos, experiencias, material bibliográfico</p> <p>Recoñecer as variables e a súa relación causa –efecto.</p> <p>Produtos a entregar: 1 experimentos explicativo.</p> <p>Materiais bibliográficos /vídeos explicativos. Fichas</p> <p>Esquemas explicativos da súas escubertas.</p> <p>DESENVOLVEMENTO</p> <p>Deseño e elaboración dos paneis explicativos.</p> <p>Confección de ditos paneis,</p> <p>PRESENTACIÓN E DEFENSA DE CADA MICRO PROXECTO</p> <p>Carteis; fotografías; Vídeos; receitas de laboratorio.</p> <p>COMUNICACIÓN</p> <p>Exposición dos paneis no 1º Andar.</p> <p>Tríptico explicativo e QR de cada panel.</p>			

<p>3º Trimestre</p>	<p>DOCUMENTACIÓN ACERCA DOS MICROPROXECTOS DE INVESTIGACIÓN: Vídeos, experiencias, material bibliográfico Recoñecer as variables e a súa relación causa –efecto. Produtos a entregar: 1 experimentos explicativo. Materiais bibliográficos /vídeos explicativos. Fichas Esquemas explicativos da súas escubertas.</p> <p>DESENVOLVEMENTO Deseño e elaboración dos paneis explicativos. Confección de ditos paneis,</p> <p>PRESENTACIÓN E DEFENSA DE CADA MICRO PROXECTO Carteis; fotografías; Vídeos; receitas de laboratorio.</p> <p>COMUNICACIÓN Exposición dos paneis no 1º Andar. Tríptico explicativo e QR de cada panel.</p>
<p>Obxectivo</p>	
<p>Aplicar o coñecemento e a metodoloxía científica atopando os datos necesarios para comprobar as súas hipótesis en cada caso Análise crítica da situación actual en cada tema. O concepto de escenario.</p>	
<p>Metodoloxía</p>	
<p>Polas características do grupo – clase vénme na obriga de cambiar os proxectos do ano anterior para atender á demanda do alumnado. Grupo moi heteroxéneo con pouca capacidade de concentración e de centrarse en tarefas a longo prazo. Formación de grupos de traballo onde, segundo as súas preferencias, o alumnado de cada grupo se responsabiliza dunha tarefa determinada e responde ante ao grupo das súas achadegas. Uso de diagramas de pensamento, esquemas; recursos TIC e de laboratorio. Expresións matemáticas e plásticas. Propostas de investigación:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1- Observar o entorno en busca de seres vivos e obxectos inanimados. Fotografía – Cartel 2- Observar as árbores do patio e analizar a calidade do aire. Estudo con líques. Diagnóstico 3- Analizar as follas das árbores do patio. Facer esquemas, clasificalas e facer carteis explicativos. 4- Facer solarigrafías (todo a clase). 5- Analizar os musgos do patio. Microfotografías. 6- Calidade de augas. Estudo de mostras. 7- Á descuberta da cidade de Lugo: paseos literarios, arquitectónicos, arqueolóxicos, botánicos..... 	
<p>Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)</p>	
<ol style="list-style-type: none"> 1. Proceso de cualificación trimestral: tipo de probas, peso de cada una e integración das mesmas na cualificación trimestral A nota da avaliación se calculará tendo en conta: <ul style="list-style-type: none"> - O 50 % se corresponde coa avaliación de actividades que as alumnas/os realizarán en clase. - O 50 % restante se obterá da observación directa do traballos do alumnado: participación, responsabilidade, execución, etc 	

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO

- Os resumos teñen por obxecto concretar ás familias o proceso de cualificación da materia.
- Teñen que estar respaldados polo recollido na programación, pero poden concretar mais
- En principio, son responsabilidade do persoa concreta que imparte a materia, a quen corresponde a elaboración.
- Só no suposto de que dous os mais docentes que imparten a mesma materia sigan exactamente o mesmo procedemento poderase facer un resumo conxunto.

Materia	PROXECTO COMPETENCIAL		Departamento	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
Docente	Pilar Fernández illán			
Curso/Grupo	4º ESO	Ano académico	2023-24	
Contidos				
1º Trimestre	DOCUMENTACIÓN ACERCA DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN: Back in time: O cambio climático na historia da terra. Vídeos, experiencias, material bibliográfico... para descubrir que e como son os cambios climáticos ao longo da Historia da Terra. Recoñecer as variables e a súa relación causa –efecto. Produtos a entregar: 1 experimentos explicativo. Materiais bibliográficos /vídeos explicativos. Fichas Esquemas explicativos da súas escubertas.			
2º Trimestre	Deseño e elaboración dos paneis explicativos. Confección de ditos paneis,			
3º Trimestre	Exposición dos paneis no 1º Andar. Tríptico explicativo e QR de cada panel.			
Obxectivo				
Aplicar o coñecemento e ametodoloxía científica atopando os datos necesarios para descubrir si houbo cambios climáticos e extincións masivas ao longo da historia da terra. Análise crítica da situación actual. O concepto de escenario.				
Metodoloxía				
Formación de grupos de traballo onde, segundo as súas preferencias, o alumnado de cada grupo se responsabiliza dunha tarefa determinada e responde ante ao grupo das súas achadegas. Uso de diagramas de pensamento, esquemas; recursos TIC e de laboratorio. Expresións matemáticas e plásticas.				
Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)				

1. Proceso de cualificación trimestral: tipo de probas, peso de cada una e integración das mesmas na cualificación trimestral

A nota da avaliación se calculará tendo en conta:

- O 50 % se corresponde coa avaliación de actividades que as alumnas/os realizarán en clase.
- O 50 % restante se obterá da observación directa do traballos do alumnado: participación, responsabilidade, execución, etc



RESUMO INFORMATIVO

Materia	1º BIOLOXÍA- XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS		
Docente	PILAR FERNÁNDEZ ILLÁN		
Curso/Grupo	1 G2	Ano académico	2023-2024
Contidos (resumo)			
1º Trimestre	<p>Xeoloxía e introdución ó estudo do solo que conectará co terceiro trimestre, CTM. 5 Unidades. Estudaremos o método sísmico e as ondas Pe S, estrutura interna da terra. Teorías previas á tectónica de placas. Probas da tectónica de placas e teorías que contribuíron ó coñecemento actual. Bordos de placas e fenómenos xeolóxicos e tectónicos asociados. Riscos xeolóxicos.</p> <p>Recoñecemento de rochas e minerais e Ambientes de formación de cada tipo. Estratigrafía, os principios de Steno e Lyell. Ambientes fosilíferos. Historias xeolóxicas.</p>		
2º Trimestre	<p>Introdución á Bioloxía. De biomoléculas á células, tecidos e órganos e organización superiores. Recoñecer as biomoléculas básicas: glicidos, fofolípidos, triglicéridos e colesterol; aminoácidos e proteínas, enlace peptídico. Compoñentes básicos dos AN.</p> <p>Estudo da célula dende o ciclo de vida dunha célula ósea. Concepto de célula nai e de apoptosís. Aparición do cancro. O proceso de mitose e meiose e a súa importancia biolóxica. Recoñecemento dos tecidos básicos de animais e plantas. Vista da web de Mejías U Vigo. Concepto de especie e árboles filoxenéticos. Evolución de especies: A tolerancia á lactosa e a introdución da gandería.</p> <p>Investigación e análise de procesos básicos de vexetais: A fotosíntese; cromatografía de pigmentos vexetais. Tropismos e nastias.</p>		
3º Trimestre	<p>Estudo comparado de dous aparellos complexos nos animais: Sistema dixestivo e tecido nervioso.</p> <p>Recoñecer microorganismos e a súa relación coas enfermidades infecciosas. O papel dos microorganismos beneficiosos.</p> <p>Análise da teoría de Gaia e os problemas medioambientais actuais.</p>		
Obxectivo (resumo)			
<p>Dar una visión global da disciplina de Bio -Xeo -CTM. Introducir os conceptos básicos de esta disciplina e as teorías básicas por medio de datos, evidencias e feitos que supoñen a base dos estudos actuais. Difícil tarefa xa que hai</p>			
Metodoloxía (resumo)			
<p>Utilizaremos estratexias de aprendizaxe baseadas na aprendizaxe significativo por medio do uso de mapas conceptuais, análise de gráficas e datos, deseño de diagramas de fluxo para explicar os procesos fundamentais e utilizar liñas de tempo para ver a evolución do pensamento científico. (Exemplo no 1º trimestre)</p> <p>Realizaremos tarefas de laboratorio que suporán o contexto para abordar os temas e o seu contido. Utilizaremos diversas fontes de información para abordar o coñecemento dende varios puntos de vista.</p>			
Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)			
<p>1ª AVAL:</p> <p>Probas escritas 3 (80%) + Actividades de aula entregadas en Moodle e traballo diario (20 %) [Mapa de fondos mariños e fenómenos asociados á tectónica de placas) + ppt de saída didáctica + análise e síntese de gráficas complexas].</p> <p>Proxecto de investigación: Análise e estudo dun solo, 6 grupos de traballo.</p>			

2ª AVAL:

Probas escritas 3 (80%).

Actividades entregables (20%): Construción de biomoléculas básicas, proteínas e monómeros de AN. Análise de árbores filoxenéticas. Informe de actividades de laboratorio. Elaboración de diagramas de fluxo de procesos biolóxicos sinxelos. Póster do estudo do solo)

3ª AVAL:

3 probas escritas (80%)

Actividades entregables: Informes e protocolos de laboratorio. Analogías e diferenzas con elaboración de cadros e estudos comparativos.

Análise de procesos ambientais e estudos causa-efecto. Análise comparativo de dúas épocas diferentes da historia terrestre.

Presentación en formato póster do Proxecto: "Análizando a auga do Río Miño"

Haberá unha proba escrita despois de cada trimestre. Se houbera que recuperar competencias avaliadas por medio de proxectos, actividades e/ou diagramas deberán mellorarse na seguinte avaliación

Proceso de avaliación Extraordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

No mes de xuño, ao remate das aulas habituais, abrirase un período de recuperación para o alumnado que non superara algunha das partes avaliadas.

Realizan as tarefas especificadas para cada apartado/bloque non superado e realizaranse actividades específicas para cada alumno e alumna.

Realizarase unha proba escrita específica ou faranse entrega dos proxectos e/ou actividades básicas non realizadas.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

O alumnado que participe de viaxes escolares durante o curso escolar, poderá seguir a marcha da materia por medio da Aula virtual e deberá subir as tarefas correspondentes. Calquera dúbida poderá e deberá consultala coa profesora.

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO

Materia	1º ANATOMÍA APLICADA		
Docente	PILAR FERNÁNDEZ ILLÁN		
Curso/Grupo	1G1	Ano académico	2023-2024
Contidos (resumo)			
1º Trimestre	<p>Contextualización da Anatomía Aplicada. Anatomía e Fisioloxía do movemento e a súa relación coas actividades deportivas e artísticas.</p> <p>Aparato locomotor 1 parte: osos e articulacións.</p> <p>Iniciación ó sistema muscular. Fibras musculares brancas e vermellas. A contracción muscular</p>		
2º Trimestre	<p>Aparato locomotor 2 parte: Músculos, ligamentos e tendóns máis importantes. Descrición do movemento da articulación realizada. Explicación oral. Os músculos das emocións.</p> <p>O control nervioso do movemento 1. Análise e estudo dos compoñentes do sistema nervioso relacionadas cos movementos conscientes, autónomos. O Arco reflexo.</p> <p>O cerebro e o coñecemento actual das estratexias cognitivas da aprendizaxe: Codia motora, o cerebro das emocións; a memoria; control nervioso dos órganos vitais.</p>		
3º Trimestre	<p>O control nervioso do movemento 2. As neuronas e a sinapse. Neurotransmisores. Efecto das drogas sobre a sinapse. Doenzas relacionadas co sistema nervioso. A saúde mental e o deporte.</p> <p>Estudo integrado da fisioloxía do movemento. Frecuencia cardíaca e ritmo cardíaco. Os movementos cardíaco. Electrocardiograma.</p> <p>Volume respiratorio e Volume de osíxeno máximo.</p> <p>Metabolismo aerobio / anaerobio e a súa relación coas fibras musculares brancas e vermellas. Análise do gasto enerxético segundo á actividade físico.</p>		
Obxectivo (resumo)			
<p>Analizar de xeito integrado á Anatomía e Fisioloxía do movemento, coñecendo os seus compoñentes dentro de contextos específicos de aprendizaxe que aproximen o alumnado a súa propia realidade para valorar a adquisición de hábitos de vida saudable.</p>			
Metodoloxía (resumo)			
<p>Farase fincapé en estratexias de traballo que faciliten a adquisición dos contidos básicos para comprender as situacións problema. De tal xeito que a adquisición de contidos teóricos farase por medio das situacións-problema que citamos.</p> <p>Esta metodoloxía incide directamente no número de tarefas que o alumnado debe presentar para asegurarnos de traballar todo o necesario.</p> <p>Así, os instrumentos de avaliación son múltiples e varían en tempo e forma segundo o traballado. En cada avaliación fanse explícitos.</p>			
Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)			
<p>1ª AVAL: -Maqueta dunha articulación. Defensa do seu traballo oralmente.40%</p>			

-Proba escrita: recoñecemento de osos; tipos de tecidos; análise das articulacións básicas; doenzas máis importantes 40%

- Proxecto inicial: Composición dun oso. 20%

2ª AVAL:

Actividades de aula. 10%

-Exposicións orais de do movemento da articulación e de dúas emocións seleccionadas polo alumnado. 40%

-Proba escrita de este bloque. 20%

_____ + _____

-Entrega das actividades a realizar do sistema Nervioso. 10%

- Proba escrita. 20%

3ª AVAL:

-Exposición da investigación: Drogas e sinapse química. 20%

-Proba escrita. 20%

- Entrega das actividades a realizar do sistema Nervioso. 10%

_____ + _____

-Entrega de materiais das actividades prácticas. 10%

-Presentacións orais de proxectos de investigación escollidos polos alumnos e alumnas. Actividade grupal. 20%

-Proba escrita. 20%

Proceso de avaliación Extraordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

No mes de xuño, ao remate das aulas habituais, abrirase un período de recuperación para o alumnado que non superara alguna das partes avaliadas.

Realizan as tarefas especificadas para cada apartado/bloque non superado e realizarase unha exposición oral e/ou unha proba escrita segundo a situación de cada un.

A nota final será: 20% o esforzó diario + 80% a proba.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

O alumnado que participe de viaxes escolares durante o curso escolar, poderá seguir a marcha da materia por medio da Aula virtual e deberá subir as tarefas correspondentes. Calquera dúbida poderá e deberá consultala coa profesora.

(Extracto da programación do departamento)

RESUMO INFORMATIVO

Materia	Ámbito científico		
Docente	M.ª Aida Fraiz Gómez		
Curso/Grupo	3º ESO	Ano académico	2023-2024
Contidos (resumo)			
1º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Niveis de organización do corpo e o funcionamento do mesmo - Composición da materia - Operacións con números 		O método científico
2º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Ecuacións e sistemas - Cambios na materia e reaccións químicas - Gráficas - Saúde e enfermidade 		
3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Estatística - Xeometría - Os procesos xeolóxicos externos - A enerxía 		
Obxectivo (resumo)			
Contribuír a desenvolver a competencia científica do alumnado e capacitálo para construír e aplicar os coñecementos de forma autónoma, creativa, responsable e crítica (tanto no plano persoal da vida cotiá como no social da participación cidadá).			
Metodoloxía (resumo)			
<p>O ámbito Científico-Tecnolóxico está secuenciado en 13 unidades didácticas que se van intercalando e nas que se desenvolven as tres materias constituíntes (Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química). Ademais, consta dunha primeira unidade didáctica que será impartida de maneira transversal ao longo de cada unha das 12 unidades didácticas restantes.</p> <p>As sesións teóricas intercalaranse con sesións de resolución de cuestións e problemas, con lecturas de diversos textos relacionadas cos contidos que se vaian tratando, con sesións de repaso mediante presentacións de PowerPoint, e co manexo de diversas páxinas web, intentando achegar os contidos á realidade próxima do alumnado.</p> <p>Apostarase por unha metodoloxía activa e participativa centrada no interese do alumnado realizando un seguimento o máis personalizado posible.</p>			
Proceso de Avaliación Ordinario			
<p>Ao final de cada unidade didáctica realizarase unha proba escrita cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. En cada unha das tres avaliacións, realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas. Esta media, representará o 60% da nota da avaliación.</p> <p>A nota mínima nas probas escritas para facer a media será de 3. No caso de non acadar esa nota nalguna das probas a avaliación estará automaticamente suspensa.</p> <p>O 40% restante corresponderase con actividades de carácter diverso, desenvolvidas na aula.</p>			

Os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:

- 60% probas escritas
- 20% Exercicios feitos en EDIXGAL
- 20% actividades propostas en clase, coma: Prácticas de laboratorio, traballos cooperativos e/o individuais, proxectos científicos, actividades de reforzo ou ampliación

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das medias obtidas nas tres avaliacións parciais.

Proceso de recuperación

Despois da primeira e da segunda avaliación e ao final da terceira realizarase unha proba escrita, baseada nos criterios mínimos de consecución das unidades asociadas a esa avaliación, para o alumnado que non teña superada a avaliación realizaráselle unha. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

Se, aínda así, algún compoñente do grupo tivese algunha parte non superada, farase unha proba coas partes suspensas, antes da avaliación final. Esta proba extraordinaria estará baseada nos criterios mínimos de aceptación das unidades correspondentes.

(Extracto da programación do departamento)

RESUMO INFORMATIVO

Materia	Ámbito científico		
Docente	M. ^a Aida Fraiz Gómez		
Curso/Grupo	1ºBAC E	Ano académico	2023-2024
Contidos (resumo)			
1º Trimestre	A Terra: Estrutura, composición, dinámica, magmatismo, metamorfismo e procesos sedimentarios. Cortes xeolóxicos		
2º Trimestre	Composición e organización dos seres vivos. Biodiversidade. Plantas: Funcións e adaptacións.		
3º Trimestre	Animais: funcións e adaptacións ao medio Os ecosistemas e a súa conservación		
Obxectivo			
<p>A materia de Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais de 1.º de bacharelato contribúe a través dos seus obxectivos, criterios de avaliación e contidos a un maior grao de desenvolvemento das competencias clave. O seu fin último é mellorar a formación científica e a comprensión do mundo natural por parte do alumnado e así reforzar o seu compromiso polo ben común e as súas destrezas para responder á inestabilidade e ao cambio. Con todo isto búscase mellorar a súa calidade de vida presente e futura para conseguir, a través do sistema educativo, unha sociedade máis xusta, equitativa e comprometida co medio ambiente e coa súa sostibilidade.</p>			
Metodoloxía (resumo)			
<p>As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe e a metodoloxía didáctica será activa, potenciadora da aprendizaxe construtiva favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos, promovendo o traballo cooperativo e aplicando os métodos apropiados de investigación suliñando a relación dos aspectos teóricos coas súas aplicacións prácticas. É por iso que utilizarase estratexias didácticas variadas, que combinen, dun xeito en que cada docente considere máis apropiada, as estratexias positivas acompañadas de actividades de aplicación e as estratexias de indagación.</p> <p>DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES</p> <p>O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:</p> <ol style="list-style-type: none"> Introdución á unidade didáctica. Análise dos coñecementos previos do alumnado. Desenvolvemento da unidade a través de diferentes tarefas e actividades. Resumo e síntese dos contidos da unidade. 			

Proceso de Avaliación Ordinario

- 80%: probas escritas. Nota mínima para facer media 3,5 sobre 10
- 20%: traballos de clase, informes de prácticas e participación nas actividades de aula.

A cualificación só será positiva se os estudantes superan todos os contidos establecidos para cada avaliación e o aprobado establécese no cinco.

Poderáse detraer ata 1 punto na nota de avaliación, se as faltas non xustificadas superan o 15 % do número total das sesións do trimestre.

A cualificación final da materia será a media aritmética das notas globais das tres avaliacións do curso ou, de ser o caso, na proba final.

Levarase a cabo unha recuperación por avaliación, das partes non superadas tendo que acadar en cada unha delas un cinco para considerar recuperada esa parte.

Para o alumnado que aínda así non acade unha cualificación positiva en todas as avaliacións, haberá unha proba final que consistirá nunha proba escrita sobre os contidos da avaliación correspondente.

Proceso de avaliación Extraordinario

O alumnado que non acade os mínimos esixidos na avaliación final, nos inicios do mes de xuño, deberá presentarse a unha proba extraordinaria a finais de xuño, nas datas indicadas pola Xefatura de Estudos. Esta proba de xuño, será unha proba escrita con preguntas baseadas nos contidos mínimos.

(Extracto da programación do departamento)

RESUMO INFORMATIVO

Materia	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA		
Docente	Manuel Rodríguez Aira, Leonor Vidal Varela		
Curso/Grupo	1ºESO B, C, D.	Ano académico	2023-2024
Contidos (resumo)			
Observacións	<p>O bloque 5 distribuirase entre o segundo trimestre (atmosfera) e o terceiro (a hidrosfera. Interaccións coa biosfera e coa xeosfera).</p> <p>A materia distribúese nos seguintes bloques:</p>		
1º Trimestre	<p>O bloque 1. Proxecto científico traballarase ao longo de todo o curso.</p> <p>Bloque 2. A célula.</p> <p>Bloque 3: Os seres vivos.</p>		
2º Trimestre	<p>Bloque 4. A xeosfera.</p> <p>Bloque 5. A atmosfera (continúa no 3º trimestre)</p>		
3º Trimestre	<p>Bloque 5 (continuación). A hidrosfera. Interaccións coa biosfera e coa xeosfera.</p> <p>Bloque 6. Ecoloxía e sostibilidade.</p>		
Obxectivos (resumo)			
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas. ➤ Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas. ➤ Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas. ➤ Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía. ➤ Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva. ➤ Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais. 			

sSSsss

Metodoloxía (resumo)

- A metodoloxía científica e os proxectos científicos traballaranse ao longo de todo o curso.
- A metodoloxía será dinámica utilizando distintas fontes de información e materiais : Edixgal, outras páxinas de internet, artigos de prensa, libros etc.
- As actividades serán variadas en Edixgal no caderno de clase, elaborando proxectos.
- Dedicarase unha hora á semana á realización de prácticas de laboratorio.
- Traballarase con situacións problema da vida.
- Atenderase a diversidade do alumnado.

Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

A nota da avaliación calculase do seguinte modo:

Ao final de cada unidade didáctica realizarase unha proba escrita cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. En cada unha das tres avaliacións, realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas. Esta media, representará o 50% da nota da avaliación.

Actividades feitas na clase: 40%. Prácticas de laboratorio. Traballos cooperativos. Traballos individuais. Actividades en Edixgal (tests, cuestionarios, leccións). Fichas de actividades de consolidación, reforzo, ampliación. Proxectos.

Actividades feitas na casa: 5%. Informes de prácticas. Exercicios. Resumos.

Caderno de aula: 5%

A avaliación considerase aprobada cando se acade unha calificación de cinco ou superior a cinco sempre que a media dos exames feitos na avaliación sexa 3 ou superior e chéguese a 5 sumando a esa nota a puntuación obtida nos demais apartados (actividades feitas na clase, na casa e caderno de aula).

Se o os alumnos e alumnas aproban todas as avaliacións, a nota final se fará coa media das tres avaliacións.

Proceso de recuperación: (Ferramentas, procedementos, etc.)

O procedemento de recuperación dunha avaliación suspensa variará en función da parte ou partes pendentes. Se o alumnado suspende a avaliación por non acadar unha nota suficiente nas probas escritas , deberá realizar unha proba escrita sobre o tema ou temas suspensos precisando acadar unha nota mínima de 3 e chegar a 5 sumando os demais apartados. As prácticas non realizadas poderán recuperarse cun traballo sobre as prácticas non realizadas. Os traballos ou proxectos recuperaranse coa entrega doutros traballos ou proxectos . As actividades feitas na clase recuperaranse coa realización de novas actividades similares.

Aqueles alumnos e alumnas que non acaden unha cualificación positiva en todas as avaliacións despois de aplicar o Plan de recuperación fixado polo Departamento, seguirán un plan específico de recuperación das competencias non acadadas durante o curso en función das partes pendentes de recuperación. Traballarase na aula aqueles aspectos que teñan que mellorar por parte do alumnado utilizando os instrumentos de avaliación máis axeitados, dende realización de tarefas, cuestionarios, revisión de caderno, probas escritas ou orais...



Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

En todo momento atenderase a diversidade do alumno/a e procederase a facer as adaptacións necesarias para que poida superar a materia en colaboración co departamento de orientación.

Unha vez pechada a programación de producirse algún cambio se comunicará.

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO

- Os resumos teñen por obxecto concretar ás familias o proceso de cualificación da materia.
- Teñen que estar respaldados polo recollido na programación, pero poden concretar máis
- En principio, son responsabilidade do persoa concreta que imparte a materia, a quen corresponde a elaboración.
- Só no suposto de que dous os máis docentes que imparten a mesma materia sigan exactamente o mesmo procedemento poderase facer un resumo conxunto.

Materia	PROXECTO COMPETENCIAL	Departamento	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
Docente	M. HORTENSIA LENCE CORTIÑAS		
Curso/Grupo	Ano académico	2023-24	
Contidos			
1º Trimestre	Buscar e ordenar información. Planificar e secuenciar as tarefas que desenvolveremos.		
2º Trimestre	Executar o proxecto		
3º Trimestre	Executar o proxecto Presentación do proxecto: Usar recursos audiovisuais, dixitais de apoio. Expresión oral.		
Obxectivo			
<p><i>Deseñar un plan de traballo.</i></p> <p><i>Executar o proxecto e resolver os problemas acadados.</i></p> <p><i>Expoñer oralmente</i></p> <p><i>Utilizar TICs</i></p>			
Metodoloxía			
<p><i>Atención á diversidade e metodoloxía activa que potencie a aprendizaxe constructivista.</i></p> <p><i>Promover traballo cooperativo, e individual papel das alumnas/os será activa e participativa, sendo o motor da execución do Proxecto.</i></p>			
Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)			
<p>1. Proceso de cualificación trimestral: tipo de probas, peso de cada una e integración das mesmas na cualificación trimestral</p> <p>A nota da avaliación se calculará tendo en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O 75 % se corresponde coa avaliación de actividades que as alumnas/os realizarán en clase. - O 25 % restante se obterá da observación directa do traballos do alumnado: participación, responsabilidade, execución, etc 			

As actividades que se realizarán para avaliar:

1º Avaliación:

- Traballo no horto.
- Realización de traballos e búsqueda de información de temas propostos pola profesora e relacionados coas plantas.
- Exposicións orais dos traballos
- Realización dun calendario de sementes.

2º Avaliación

- Estudio de factores que afectan ao desenvolvemento das plantas: Luz, Tª, humidade.
- Exposición dos resultados do estudio

3º Avaliación

- Traballo no horto.
- Preparación e realización dun mercadiño cos produtos do horto: Elaboración de envases sostibles, posto, campaña de marketing, e execución.

2. Proceso de recuperación de partes pendentes

No caso de que un alumno/a nos acade nunha avaliación unha nota maior ou igual a 5, deberá realizar unha proba escrita de recuperación con preguntas tipo test sobre contidos traballados no Proxecto. A nota da proba será a que lle corresponda nesa avaliación.

3. Determinación da cualificación final da materia, ó remate da 3ª avaliación (ESO e BAC)

A nota final será a media das tres avaliacións.

Se o alumno non superase unha ou dúas avaliacións despois de facer a recuperación das mesmas, poderá facer unha proba final dos contidos correspondentes ás avaliacións que teña suspensas. Neste caso, a nota final será tamén a media aritmética das 3 avaliacións, debendo ser a nota mínima de cada avaliación maior ou igual a 4.

4. Proceso de recuperación da materia pendente de cursos anteriores

Non se aplica

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO

- Os resumos teñen por obxecto concretar ás familias o proceso de cualificación da materia.
- Teñen que estar respaldados polo recollido na programación, pero poden concretar máis
- En principio, son responsabilidade do persoa concreta que imparte a materia, a quen corresponde a elaboración.
- Só no suposto de que dous os máis docentes que imparten a mesma materia sigan exactamente o mesmo procedemento poderase facer un resumo conxunto.

Materia	BIOLOXÍA, XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS	Departamento	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
Docente	M. HORTENSIA LENCE CORTIÑAS		
Curso/Grupo	Ano académico	2023-24	
Contidos (indicacións xenéricas, non mais de 2/3 liñas por trimestre.)			
1º Trimestre	O estudo do planeta Terra. Xeodinámica interna. O materiais terrestres: minerais e rochas. Xeodinámica externa e Historia da Terra.		
2º Trimestre	Composición e organización dos seres vivos. Estrutura das células, relación e reprodución. Organización pluricelular dos seres vivos. Diversidade dos seres vivos, sistemas de clasificación e principais grupos taxonómicos e mecanismos de evolución.		
3º Trimestre	Reino Vexetal: Nutrición, relación e reprodución. Animais: Nutrición, relación e reprodución. Os microorganismos as formas acelulares.		
Obxectivo			
<p><i>Interpretar e transmitir datos e información científica. Analizar procesos, organizar e localizar información científica. Diseñar e executar proxectos de investigación e buscar solución aos problemas.</i></p> <p><i>Analizar os elementos do rexistro xeolóxico, asocialos a eventos importantes na Terra e situalos temporalmente.</i></p> <p><i>Diseñar iniciativas relacionadas co medio ambiente, sustentabilidade e saúde</i></p>			
Metodoloxía			
<p><i>Atención á diversidade e metodoloxía activa que potencie a aprendizaxe constructivista.</i></p> <p><i>Promover traballo cooperativo, combinando as clases expositivas con actividades prácticas de aplicación e de procura de información. Importancia do traballo no laboratorio.</i></p>			

Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

1. Proceso de cualificación trimestral: tipo de probas, peso de cada unha e integración das mesmas na cualificación trimestral

En cada un dos tres trimestres realizaranse dúas probas escritas (como mínimo) cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. En cada avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

Realización de probas escritas: En cada unha das probas escritas haberá que ter un mínimo de 3,5 sobre 10 para que poida facer media co resto das probas. A media aritmética das probas escritas representará o 80 % da nota total.

O 20% restante obterase da corrección de exercicios e tarefas de aula, proxectos de investigación e informes de actividades prácticas no laboratorio. As producións do alumnado serán refrendadas cun rexistro do docente.

A cualificación só será positiva se os estudantes superan todos os contidos establecidos para cada avaliación e o aprobado establécese no cinco.

2. Proceso de recuperación de partes pendentes

Realizaranse probas de recuperación nos ámbitos e/ou procedementos que o alumnado non supere. Se o alumno/a non acadou unha nota igual ou superior a 5 unha avaliación, deberá realizar unha proba escrita sobre contidos.

Se a nota acadada na avaliación é menor que 5, por mor de non realizar algunha actividade, a pesar de haber aprobado as 2 probas escritas, poderá recuperar aqueles procedementos ou actividades.

As prácticas non realizadas poderán recuperarse cun traballo sobre as prácticas non realizadas. Os traballos ou proxectos recuperaranse coa entrega doutros traballos ou proxectos.

3. Determinación da cualificación final da materia, ó remate da 3ª avaliación

A cualificación final da materia será a media aritmética das notas globais das tres avaliacións do curso, e deberá ser igual ou maior que 5.

Se o alumno non superase unha ou dúas avaliacións despois de facer a recuperación das mesmas, poderá facer unha proba final dos contidos correspondentes ás avaliacións que teña suspensas. Neste caso, a nota final será tamén a media aritmética das 3 avaliacións, debendo ser a nota mínima de cada avaliación maior ou igual a 4.

No caso de decimais na nota final de cada avaliación seguirase os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7 na avaliación)

Proceso de avaliación Extraordinario (BAC) / Final (ESO) (Ferramentas, procedementos, etc.)

Se na proba final de xuño, o alumno/a non acada unha cualificación maior ou igual a 5, poderá realizar a finais do mes de xuño unha avaliación extraordinaria sobre todos os contidos da materia, no que deberá sacar unha nota igual ou maior a 5.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO

- Os resumos teñen por obxecto concretar ás familias o proceso de cualificación da materia.
- Teñen que estar respaldados polo recollido na programación, pero poden concretar máis
- En principio, son responsabilidade do persoa concreta que imparte a materia, a quen corresponde a elaboración.
- Só no suposto de que dous os máis docentes que imparten a mesma materia sigan exactamente o mesmo procedemento poderase facer un resumo conxunto.

Materia	CULTURA CIENTÍFICA	Departamento	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
Docente	M. HORTENSIA LENCE CORTIÑAS		
Curso/Grupo	Ano académico	2023-24	
Contidos (indicacións xenéricas, non máis de 2/3 liñas por trimestre.)			
1º Trimestre	<p>A comunicación en ciencias: o artigo científico e fontes fiables de información. O método científico.</p> <p>Orixe e formación do Universo, do Sistema Solar e da Terra.</p> <p>A Terra: Tectónica de placas. Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra. Riscos internos e externos.</p>		
2º Trimestre	<p>Evolución biolóxica e proceso de hominización.</p> <p>Saúde: Técnicas de diagnose, transplantes, o cancro. O sistema inmune. Drogas e saúde mental.</p> <p>Sexo e xénero e dimorfismo sexual. Técnicas de reprodución humana.</p> <p>Infeccións de transmisión sexual.</p>		
3º Trimestre	<p>Avances médicos, terapias e aplicacións da biotecnoloxía.</p> <p>Materiais: Obtención, ciclo de vida, e pegada de Carbono. Clasificación de residuos.</p> <p>Usos da nanotecnoloxía</p> <p>Informática na ciencia e aplicacións da tecnoloxía dixital</p> <p>Recursos naturais, enerxía e principais impactos ambientais. Desenvolvemento sostible.</p>		
Obxectivo			
<p><i>Aplicar metodoloxías propias da ciencia, utilizar recursos variados e fiables onde buscar información e realizar traballos colaborativos para interpretar procesos relacionados coa ciencia. Argumentar con razoamentos lóxicos para resolver cuestións.</i></p> <p><i>Recoñecer actividades relacionadas coa sostenibilidade e a saúde.</i></p> <p><i>Valorar a contribución dos avances científicos e o seu papel na sociedade.</i></p>			

Metodoloxía

Atención á diversidade e metodoloxía activa que potencie a aprendizaxe constructivista. Promover traballo cooperativo e métodos axeitados de investigación, con estratexias e recursos variados, e a utilización de TICs.

Se combinarán clases expositivas breves con actividades prácticas diversas que realizará o alumnado. As actividades serán progresivas en canto á complexidade: Iniciación, desenvolvemento, de aplicación, síntese e reforzo.

Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

1. Proceso de cualificación trimestral: tipo de probas, peso de cada una e integración das mesmas na cualificación trimestral

En cada un dos tres trimestres realizaranse unha proba escrita cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación, que suporá o 55% da nota da avaliación. A nota mínima nesta proba será de 2.2 sobre 5,5. Se a nota da proba escrita é menor que 2.2 sobre 5,5, o alumno/a terá que repetila, aínda que a nota fose suficiente para acadar 5 ou máis na avaliación.

O 45 % restante da nota se obterá da avaliación de varias actividades propostas pola profesora que se realizarán a maioría en clase, e que vén definido por criterios de avaliación que, estarán asociados a distintas rúbricas e listas de cotexo que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades. Algunhas destas actividades serán: Informes sobre traballos no laboratorio, análise de textos, procura de información, proxectos científicos, exposicións orais, etc.

2. Proceso de recuperación de partes pendentes

Os alumnos/as que non aproben unha avaliación poderán realizar unha proba escrita de recuperación sobre os contidos correspondentes. A nota deberá ser maior ou igual a 5.

3. Determinación da cualificación final da materia, ó remate da 3ª avaliación

A nota final se realizara coa media das notas das 3 avaliacións e deberá ser maior ou igual a 5.

Se o alumno non superase unha ou dúas avaliacións despois de facer a recuperación das mesmas, poderá facer unha proba final dos contidos correspondentes ás avaliacións que teña suspensas. Neste caso, a nota final será tamén a media aritmética das 3 avaliacións, debendo ser a nota mínima de cada avaliación maior ou igual a 4.

4. Proceso de recuperación da materia pendente de cursos anteriores

Nos se aplica.

Proceso de avaliación Extraordinario (BAC) / Final (ESO) (Ferramentas, procedementos, etc.)
<i>Se na proba final de xuño, o alumno/a non acada unha cualificación maior ou igual a 5, poderá realizar a finais do mes de xuño unha avaliación extraordinaria sobre todos os contidos da materia, no que deberá sacar unha nota igual ou maior a 5.</i>
Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

(Extracto da programación do departamento)